

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

1. **Segundo o artigo 14 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, a representación dos cidadáns da Unión no Parlamento Europeo, será:**
 - a. De forma decrecente proporcional, cun mínimo de seis deputados por Estado membro. Non se asignará a ningún Estado membro máis de sesenta e seis escanos.
 - b. De forma crecente proporcional, cun mínimo de seis deputados por Estado membro. Non se asignará a ningún Estado membro máis de sesenta e seis escanos.
 - c. De forma decrecente proporcional, cun mínimo de seis deputados por Estado membro. Non se asignará a ningún Estado membro máis de noventa e seis escanos.
 - d. De forma decrecente proporcional, cun mínimo de tres deputados por Estado membro. Non se asignará a ningún Estado membro máis de sesenta e seis escanos.
2. **Segundo dispón o artigo 3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas vencelladas ao falecido por razóns familiares ou de feito, así como os seus herdeiros, como excepción:**
 - a. Non poderán acceder aos datos do causante, nin solicitar a súa rectificación ou supresión, cando a persoa falecida o prohibira expresamente ou así o estableza unha lei. A devandita prohibición non afectará ao dereito dos herdeiros a acceder aos datos de carácter patrimonial do causante.
 - b. Non poderán acceder aos datos do causante, nin solicitar a súa rectificación ou supresión, cando a persoa falecida o prohibira expresamente ou así o estableza un regulamento. A devandita prohibición non afectará ao dereito dos herdeiros a acceder aos datos de carácter patrimonial do causante.
 - c. Poderán acceder aos datos do causante, a solicitar a súa rectificación ou supresión, aínda que a persoa falecida o prohibira expresamente ou así o estableza unha lei.
 - d. Poderán acceder aos datos do causante, a solicitar a súa rectificación ou supresión, cando a persoa falecida o deixara establecido expresamente ou así o estableza un regulamento.
3. **Segundo o artigo 103 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións públicas poden, para a execución de determinados actos, impoñer multas coercitivas. As devanditas multas:**
 - a. Establécense en función das sancións que poidan impoñerse con tal carácter.
 - b. Son incompatibles coas sancións que puideran impoñerse con tal carácter.
 - c. Son independentes das sancións que poidan impoñerse.
 - d. Non se pode establecer unha multa coercitiva e unha sanción.
4. **Segundo o artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o deber de confidencialidade e de segredo profesional dos responsables e encargados do tratamento de datos manteranse:**
 - a. Ata que finalice a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
 - b. Aínda cando tivera finalizado a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- c. Ata dez anos despois de que finalice a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
 - d. Ata un ano despois de que finalice a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
- 5. Consonte o artigo 16 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida consideraranse:**
- a. Contrato de servizos.
 - b. Contrato de subministración.
 - c. Contrato mixto.
 - d. Contrato privado.
- 6. En relación co artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sinala cal das seguintes afirmacións non é correcta:**
- a. A vixilancia da saúde unicamente poderá levarse a cabo cando o traballador preste o seu consentimento.
 - b. O acceso á información médica de carácter persoal limitárase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde.
 - c. A vixilancia e control da saúde dos traballadores levarase a cabo respectando o dereito á intimidade e á dignidade do traballador.
 - d. As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada.
- 7. Segundo o artigo 91 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario a selección do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, funcionario e laboral realizarase, en todo caso, de acordo:**
- a. Cos principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia, así como a posibilidade de recurso perante a propia universidade.
 - b. Cos principios de eficacia, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia, así como a posibilidade de recurso perante a propia universidade.
 - c. Cos principios de igualdade, eficiencia, mérito, capacidade, transparencia e concorrencia, así como a posibilidade de recurso perante a propia universidade.
 - d. Cos principios de igualdade, colaboración, capacidade, transparencia, publicidade e eficacia, así como a posibilidade de recurso perante a propia universidade.
- 8. Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os principios da acción preventiva por parte do empresario non inclúen:**
- a. Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
 - b. Ter en conta a evolución da técnica.
 - c. Adaptar o traballo á persoa.
 - d. Avaliar os riscos que non se poden evitar.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

9. Segundo o artigo 27 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, antes da incorporación ao traballo de novos menores de 18 anos e previamente a calquera modificación importante das súas condicións de traballo, o empresario debe efectuar:
- Unha adaptación ás condicións físicas do novo menor de 18 anos.
 - Unha avaliación dos postos de traballo a desempeñar por estes.
 - Unha actualización do posto respecto á súa falta de experiencia ou inmaduridade.
 - Antes de nada, informar aos seus pais ou titores, aínda que non interveñan na contratación.
10. Segundo o artigo 47 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, informar sobre as normas que regulen o progreso e a permanencia do estudantado na universidade, a quen corresponde?
- Ao Consello de Goberno.
 - Á Comunidade Autónoma.
 - Ao Consello Social.
 - Ao reitor.
11. Segundo establece o artigo 6.1 do Real decreto 99/2011, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao ou equivalente e de mestrado universitario ou equivalente, sempre que se teñan superado:
- 300 créditos no conxunto destas dúas ensinanzas.
 - 240 créditos en grao e 120 en mestrado.
 - 180 créditos en grao e polo menos 60 en mestrado.
 - Non hai mínimo de créditos sempre que se teñan os títulos de grao e mestrado.
12. O artigo 8.4 do Real decreto 99/2011, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, establece en relación co coordinador de cada programa de doutoramento que:
- Debe posuír polo menos 2 períodos de actividade investigadora recoñecidos.
 - Debe posuír polo menos 3 períodos de actividade investigadora recoñecidos.
 - A devandita condición debe estar avalada pola dirección previa de polo menos 3 teses doutorais.
 - A devandita condición debe estar avalada pola dirección previa de polo menos 4 teses doutorais.
13. Consonte ao establecido no artigo 4 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario:
- As universidades públicas recoñeceranse unicamente por Lei das Cortes Xerais.
 - A creación dunha universidade pública e o recoñecemento dunha universidade privada farase por Lei.
 - As universidades privadas recoñeceranse exclusivamente por Lei da Comunidade Autónoma en cuxo ámbito territorial se establezan.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- d. Para a creación dunha universidade pública, o informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria terá carácter potestativo.

14. Na Universidade de Santiago de Compostela, a regulación das modalidades de matrícula nos estudos que desenvolva será acordada por:

- a. O Claustro.
- b. O Consello Social.
- c. O Consello de Goberno.
- d. O reitor ou reitora.

15. Consonte ao artigo 11.3 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento para garantir a súa calidade, dado o seu carácter formativo, da realización das prácticas académicas externas:

- a. Derivarase unha relación laboral de contrato de traballo de formación.
- b. Derivarase unha relación laboral de contrato de traballo en prácticas.
- c. Non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral.
- d. Derivarase unha relación de persoal funcionario da administración.

16. Consonte ao artigo 27 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento para garantir a súa calidade, logo da autorización da Comunidade Autónoma e a verificación do plan de estudos:

- a. O ministro de Educación aprobará mediante orde ministerial o título e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.
- b. O Consello de Goberno da Comunidade Autónoma aprobará o establecemento do carácter oficial do título.
- c. O ministro de Educación ordenará a súa publicación íntegra no *Boletín Oficial del Estado*.
- d. O titular do Ministerio de Universidades elevará ao Consello de Ministros a proposta para o establecemento do carácter oficial do título.

17. Segundo o artigo 10.5 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento para garantir a súa calidade, o volume de créditos recoñecibles a partires da experiencia profesional ou laboral, ou aqueles procedentes de estudos universitarios oficiais (proprios ou de formación permanente) non poderán superar, globalmente:

- a. O 5% do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.
- b. O 15% do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.
- c. O 25% do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.
- d. O 35% do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- 18. Segundo o artigo 142.3 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, a creación de estruturas propias ou mixtas para o desenvolvemento de programas e accións de investigación, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos correspondente a:**
- a. Ao Consello de Goberno de acordo cos criterios normativos que aprobe o Claustro.
 - b. Ao Consello Social de acordo cos criterios normativos que aprobe o Consello de Goberno.
 - c. Ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, de acordo cos criterios normativos que aprobe o Claustro.
 - d. Ao Consello de Goberno, por proposta do Claustro, de acordo cos criterios normativos que aprobe o Consello Social.
- 19. Segundo o artigo 18 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento para garantir a súa calidade, nos títulos universitarios oficiais de mestrado universitario as universidades reservarán para estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento:**
- a. Polo menos, un 3% das prazas ofertadas, agás nos mestrados habilitantes que será dun 7 %.
 - b. Polo menos, un 3% das prazas ofertadas.
 - c. Entre un 3 e un 7 % das prazas ofertadas.
 - d. Polo menos, un 5% das prazas ofertadas.
- 20. De acordo co artigo 26.10 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento para garantir a súa calidade, durante o proceso de verificación de planes de estudos, unha vez notificada a resolución á universidade solicitante, esta poderá reclamar:**
- a. Perante a Axencia de Calidade correspondente, no prazo de 1 mes.
 - b. Perante a Presidencia do Consello de Universidades, no prazo de 10 días hábiles.
 - c. Perante a Comisión de Reclamacións de Verificación e Acreditación, no prazo de 1 mes.
 - d. Perante o Consello de Universidades, no prazo máximo de 3 días hábiles.
- 21. O estudantado que elixa cursar a mención dual nun grao ou mestrado universitario, poderá abandonala e volver ao itinerario xeral, segundo o artigo 22.5 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento para garantir a súa calidade, sempre que non supere:**
- a. Un terzo da carga crediticia total definida para a obtención da mención dual no plan de estudos.
 - b. O vinte por cento do número total de créditos definidos para obter a mención dual no plan de estudos.
 - c. O vinte e cinco por cento da carga crediticia total que conforma o plan de estudos.
 - d. A metade dos créditos definidos para a obtención da mención dual no plan de estudos.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

22. A programación da formación permanente, de conformidade co artigo 37 do Real decreto 822/2021 de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento para garantir a súa calidade, aprobarase:

- a. Polos sistemas internos de garantía da calidade, que determine cada Comunidade Autónoma, para as universidades do seu ámbito respectivo.
- b. Con carácter bianual polos órganos de goberno das universidades.
- c. Anualmente polo Consello de Universidades.
- d. Con carácter anual polos órganos de goberno das universidades.

23. De acordo co artigo 37 do Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento para garantir a súa calidade, o Diploma de Especialización pode ter unha carga lectiva, de:

- a. Entre 60 e 120 créditos.
- b. Máximo 30 créditos.
- c. Entre 30 e 59 créditos.
- d. Entre 15 e 30 créditos.

24. Cal das seguintes definicións é a correcta respecto ao concepto de crédito europeo (ECTS) recollido no artigo 3 do Real decreto 1125/2003 polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional?

- a. O crédito europeo é a unidade de medida do haber académico que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos.
- b. É a cantidade de traballo que se lle esixirá ao estudante para cumprir os obxectivos do plan de estudos.
- c. É unha nova forma de organización do currículo para a educación universitaria baseado non só na no ensino recibida polo estudante.
- d. Son o conxunto dos ensinos teóricos e prácticos, así como outras actividades académicas dirixidas.

25. Segundo o artigo 5 do Real decreto 1125/2003, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, os resultados obtidos polo alumno en cada unha das materias do plan de estudos cualifícanse de 0 a 10:

- a. Con expresión dun decimal.
- b. Á que deberá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa.
- c. A cualificación cualitativa de 5 a 7 será notable.
- d. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos serán cualificados con 5 (aprobado).

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

26. Segundo establece o artigo 3.6 do Real Decreto 99/2011, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, se o doutorando solicita unha baixa temporal no programa de doutoramento, cal pode ser a duración desta?

- a. Un máximo dun ano, ampliable 6 meses máis.
- b. Até un total de 2 anos.
- c. Un máximo dun ano, ampliable até 2 anos máis.
- d. Igual que as baixas de enfermidade ou embarazo.

27. Que órganos poderán establecer requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión dos estudantes a un programa de doutoramento, segundo o artigo 7 do Real decreto 99/2011, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento?

- a. A Comisión de organización académica e profesorado dos Consellos de Goberno das Universidades.
- b. As Universidades, a través das Comisións académicas.
- c. As Escolas de doutoramento.
- d. O director da tese.

28. De acordo co artigo 14.7 do Real decreto 99/2011, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, a escala de cualificacións da tese será:

- a. Non apto, aprobado, notable e sobresaliente.
- b. Suspenso, aprobado, notable e sobresaliente.
- c. Non apto, aprobado, notable, sobresaliente e sobresaliente cum laude.
- d. Suspenso, aprobado, notable, sobresaliente e cum laude.

29. De acordo co artigo 21 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, a duración do contrato predoutoral non poderá ser:

- a. Inferior a 1 ano, nin exceder de 2 anos.
- b. Inferior a 1 ano, nin exceder de 4 anos.
- c. Inferior a 2 anos, nin exceder de 4 anos.
- d. Inferior a 1 ano, nin exceder de 3 anos.

30. Segundo o artigo 7 do Real Decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, a retribución do contrato predoutoral non poderá ser inferior durante os dous primeiros anos a:

- a. 50 por 100 do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación.
- b. 60 por 100 do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación.
- c. 80 por 100 do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación.
- d. 56 por 100 do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

31. Segundo o seu artigo 3, a coordinación xeral das actuacións en materia de investigación científica e técnica a través dos instrumentos que establece a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación corresponde:

- a. Ás administracións territoriais.
- b. Ao Goberno de España.
- c. Ao Ministerio con competencias en investigación e innovación.
- d. Á Administración Xeral do Estado.

32. Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos: (Sinale a resposta incorrecta)

- a. Quen representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración.
- b. As entidades con personalidade xurídica.
- c. Os empregados das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada administración.
- d. As persoas xurídicas.

33. Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no referido á representación:

- a. Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación. Para os actos e xestións de mero trámite non se presumirá aquela representación.
- b. A representación non poderá acreditarse mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.
- c. As persoas físicas con capacidade de obrar e as persoas xurídicas, sempre que iso estea previsto nos seus Estatutos, poderán actuar en representación doutras ante as administracións públicas.
- d. Os interesados sen capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, entendéndose con este as actuacións administrativas, salvo manifestación expresa en contra do interesado.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

34. Segundo o artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución poderase suspender:

- a. Cando deban realizarse probas técnicas ou análises contraditorias ou dirimentes propostos polos interesados, por un prazo máximo de tres meses.
- b. Cando exista un procedemento finalizado no ámbito da Unión Europea que condicione directamente o contido da resolución de que se trate, desde que se teña constancia da súa existencia, o que deberá ser comunicado aos interesados, ata que se resolva, o que tamén deberá ser notificado.
- c. Cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta administración, polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicarse aos interesados, e a recepción do informe, que igualmente deberá ser comunicada aos interesados. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de non recibirse o informe no prazo indicado, proseguirá o procedemento.
- d. Cando para a resolución do procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por parte dun órgano xurisdiccional, por un prazo máximo de tres meses.

35. Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:

- a. As propostas de resolución nos procedementos de carácter sancionador, así como os actos que inicien procedementos de carácter sancionador ou de responsabilidade patrimonial.
- b. Os actos que non limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- c. Os actos que se diten no exercicio de potestades discrecionais, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria expresa.
- d. Os actos que acorden as probas propostas polos interesados.

36. Segundo o artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos:

- a. Desde a data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- b. Desde a data en que se publiquen, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- c. Desde o día seguinte á data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- d. Desde o día seguinte á data en que se publiquen, salvo que neles se dispoña outra cousa.

37. Segundo o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución:

- a. Cando o establezan as normas reguladoras do procedemento que se estea tramitando.
- b. Cando se incorporen ao texto da resolución.
- c. Exclusivamente cando se trate de procedementos de natureza sancionadora.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- d. Os ditames servirán de motivación cando se incorporen ao texto da resolución e os informes cando sirvan de antecedentes aos ditames.

38. Segundo o artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa:

- a. A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora.
- b. No ámbito estatal, os emanados dos órganos directivos con nivel de director xeral ou superior, no exercicio das competencias que teñen atribuídas os órganos dos que son titulares.
- c. Os acordos, pactos, convenios ou contratos, aínda que non teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- d. As resolucións dos recursos potestativos de reposición.

39. Segundo o artigo 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados só poderán solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial, cando non teña prescrito o seu dereito a reclamar. O dereito a reclamar prescribirá:

- a. Aos 6 meses de terse producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- b. Aos 4 anos de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- c. Ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- d. O dereito a reclamar non prescribe.

40. Segundo o artigo 44 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando os participantes nas comunicacións pertencen a unha mesma administración pública, esta determinará as condicións e garantías polas que se rexerá o intercambio electrónico de datos que, polo menos, comprenderá:

- a. A relación de responsables dos datos a intercambiar.
- b. Os medios ou soportes en que se almacenen os documentos.
- c. As medidas de seguridade establecidas.
- d. A relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos a intercambiar.

41. Segundo o artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa:

- a. Maior de 16 anos.
- b. Maior de 14 anos.
- c. Maior de 12 anos.
- d. En ningún caso.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

42. En relación á solicitude de acceso á información, o artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que:

- a. O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciárase coa presentación da correspondente solicitude, que deberá dirixirse ao responsable de datos do órgano administrativo ou da entidade que posúa a información.
- b. A persoa solicitante está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- c. A persoa solicitante ten dereito a recibir orientación e asesoramento para o exercicio deste dereito a través do sistema integrado de atención á cidadanía regulado na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- d. Para fomentar a presentación das solicitudes por vía electrónica, a administración ofrecerá á cidadanía, a través do sistema integrado de atención á cidadanía, modelos normalizados de solicitude e a posibilidade de envío á administración pública requirida, sen prexuízo das posibilidades que cada unha delas poida ofrecer na súa páxina web propia.

43. Segundo o artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, son principios reitores da lei:

- a. Honestidade, integridade, obxectividade, imparcialidade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.
- b. Transparencia, polo que toda a información pública, sen excepción, é accesible e relevante e toda persoa ten acceso libre e gratuíto a ela.
- c. Reutilización da información, polo que se facilita a difusión da mesma en formatos pechados para que a cidadanía poida aproveitar, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.
- d. Cooperación, colaboración, eficacia e eficiencia.

44. Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os órganos de contratación deberán solicitar, antes da aprobación do proxecto, un informe das correspondentes oficinas ou unidades de supervisión dos proxectos encargadas de verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto, cando o orzamento base de licitación do contrato de obras sexa igual ou superior a:

- a. 500.000 euros, IVE incluído.
- b. 500.000 euros, IVE excluído.
- c. 750.000 euros, IVE incluído.
- d. 750.000 euros, IVE excluído.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

45. Segundo o artigo 302 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no contrato de subministracións, cando razóns técnicas ou económicas debidamente xustificadas no expediente o aconsellen, poderá establecerse no prego de cláusulas administrativas particulares que o pago do prezo total dos bens a fornecer consista parte en diñeiro e parte na entrega doutros bens da mesma clase sen que, en ningún caso, o importe destes poida superar o:
- a. 60 % do prezo total.
 - b. 40 % do prezo total.
 - c. 50 % do prezo total.
 - d. 30 % do prezo total.
46. Segundo o artigo 167 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento de licitación con negociación nos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, cando se dea algunha das seguintes situacións: (Sinala a resposta incorrecta)
- a. Cando se trate de contratos de servizos sociais persoalísimos que teñan por unha das súas características determinantes o arraigamento da persoa na contorna de atención social, sempre que o obxecto do contrato consista en dotar de continuidade na atención ás persoas que xa eran beneficiarias de devandito servizo.
 - b. Cando o órgano de contratación non poida establecer coa suficiente precisión as especificacións técnicas por referencia a unha norma, avaliación técnica europea, especificación técnica común ou referencia técnica, nos termos establecidos na devandita Lei.
 - c. Cando a prestación obxecto do contrato inclúa un proxecto ou solucións innovadoras.
 - d. Cando por razóns de interese público resulte imprescindible que a prestación, tal e como se atopa dispoñible no mercado, sexa obxecto dun traballo previo de deseño ou de adaptación por parte dos licitadores.
47. Segundo o artigo 6 do Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e a comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, o procedemento de autorización de acceso a aplicacións, recursos e servizos da Universidade, no que se recollerá o acceso á administración da sede ao persoal de administración e servizos, regularase mediante:
- a. Resolución da Secretaría Xeral.
 - b. Resolución Reitoral.
 - c. Resolución da Xerencia.
 - d. Acordo do Consello de Goberno.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

48. Segundo o artigo 28 do Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, a política de xestión de documentos administrativos electrónicos aprobarase por:

- a. Resolución da Secretaría Xeral.
- b. Resolución Reitoral.
- c. Resolución da Xerencia.
- d. Acordo do Consello de Goberno.

49. Segundo o artigo 33 do Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, a notificación entenderase rexeitada cando, desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido, transcorran:

- a. 10 días naturais.
- b. 10 días hábiles.
- c. 15 días naturais.
- d. 15 días hábiles.

50. Segundo o artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os postos de traballo obtidos polo procedemento de concurso específico serán obxecto dunha valoración, a efectos da determinación da continuidade ou remoción da persoa titular do posto, nos termos previstos polo artigo 94. Esta valoración será cada:

- a. 2 anos.
- b. 3 anos.
- c. 4 anos.
- d. 5 anos.

51. Segundo o Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela:

- a. Correspóndelle ao reitor ou reitora declarar prescritos os dereitos tras a tramitación do expediente oportuno. Estes dereitos prescribirán con carácter xeral aos 4 anos.
- b. Correspóndelle ao xerente ou xerenta declarar prescritos os dereitos tras a tramitación do expediente oportuno. Estes dereitos prescribirán con carácter xeral aos 5 anos.
- c. Correspóndelle ao reitor ou reitora declarar prescritos os dereitos tras a tramitación do expediente oportuno. Estes dereitos prescribirán con carácter xeral aos 5 anos.
- d. Correspóndelle ao xerente ou xerenta declarar prescritos os dereitos tras a tramitación do expediente oportuno. Estes dereitos prescribirán con carácter xeral aos 4 anos.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

52. Segundo o Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela, nos estados de ingresos:

- a. Formúlanse seguindo as clasificacións orgánica, funcional ou por programas e económica.
- b. A clasificación orgánica ordenará o ingreso en función da natureza do recurso.
- c. Considéranse ingresos correntes os derivados da recadación por prezos públicos e outros ingresos, as transferencias de capital realizadas polas administracións públicas ou desde o sector privado e os ingresos procedentes da xestión e explotación do patrimonio.
- d. Son ingresos de capital os derivados do alleamento dos investimentos reais.

53. A xestión das subvencións a que se refire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a. Eficiencia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- b. Eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- c. Principio de estabilidade orzamentaria.
- d. Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

54. As agrupacións de persoas físicas poderán acceder á condición de beneficiario de subvencións, segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a. Cando estea previsto expresamente na convocatoria.
- b. Cando estea previsto expresamente nas bases reguladoras.
- c. En ningún caso.
- d. Só as agrupacións de persoas xurídicas poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións.

55. Cal dos seguintes non é un contido mínimo das bases reguladoras da concesión de subvencións segundo o establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a. Definición precisa do obxecto da subvención.
- b. Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- c. Forma de xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento das condicións para o outorgamento das subvencións e requisitos para a verificación da mesma.
- d. Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

56. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións na fase de instrución do procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva:

- a. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano instructor.
- b. Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano que se indique na convocatoria deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- c. Cando as bases reguladoras así o establezan, o órgano avaliador, á vista do expediente e, no seu caso, do informe do órgano instrutor, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.
- d. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produciu manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

57. Segundo o Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela, non será competencia do Consello Social:

- a. Aprobar as normas de peche do exercicio económico.
- b. Aprobar a programación plurianual da Universidade.
- c. Aprobar a liquidación do orzamento.
- d. Aprobar as operacións de crédito como as de endebedamento concertadas pola Universidade de Santiago de Compostela.

58. Indica cal das seguintes afirmacións é a correcta segundo o Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela:

- a. Os créditos destinados a gastos financeiros vincularán a nivel de concepto.
- b. Os créditos destinados a gastos de persoal vincularán a nivel de subconcepto.
- c. Os créditos ampliables vincularán a nivel de concepto.
- d. Os créditos destinados a atencións protocolarias e representativas non están vinculados.

59. Indica cal dos seguintes contratos estaría suxeito a regulación harmonizada segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público:

- a. Contratos de eliminación ou tratamento de augas residuais, independentemente do seu importe.
- b. Contratos de obras cun valor estimado de 5.350.000 euros.
- c. Contratos de concesión de servizos cun valor estimado inferior a 5.380.000 euros.
- d. Contratos de subministración cuxo valor estimado sexa igual a 140.000 euros.

60. Indica cal das afirmacións é correcta segundo o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, respecto do responsable do contrato:

- a. Deberá ser unha persoa física vinculada á entidade contratante.
- b. Poderá ser unha persoa física allea á entidade contratante.
- c. Deberá ser unha persoa xurídica allea á entidade contratante.
- d. Poderá ser o órgano de contratación.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

61. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no perfil do contratante:

- a. Quedan exceptuados da publicación aqueles contratos cuxo valor de adxudicación fose inferior a 5.000 euros.
- b. A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse anualmente.
- c. Nesta información deberán ordenarse os contratos por importes.
- d. Na información a publicar o importe da adxudicación deberá incluír o Imposto sobre o Valor Engadido.

62. Segundo o artigo 160 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cando calquera empresa interesada poida presentar unha solicitude de participación en resposta a unha convocatoria de licitación estaremos a falar de:

- a. Procedemento aberto.
- b. Procedemento aberto negociado.
- c. Procedemento aberto simplificado.
- d. Procedemento restrinxido.

63. O contrato predoutoral, segundo o artigo 5 do Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación:

- a. Non poderá ser inferior a 1 ano nin exceder de 5 anos.
- b. É unha modalidade de contrato de traballo do persoal investigador en formación, que se rexe polo establecido nos artigos 20 e 21 e na disposición adicional primeira da Lei 14/2011, de 1 de xuño e, con carácter complementario, polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- c. A entidade empregadora está obrigada a comunicar a contratación á oficina pública de emprego, no prazo dos 15 días seguintes á súa concertación.
- d. No contrato predoutoral identificarase un proxecto ou liña de investigación específica e novidosa.

64. Cal é o número mínimo de membros que debe integrar un grupo de investigación na Universidade de Santiago de Compostela segundo os criterios para a definición do catálogo de investigadores e grupos de investigación aprobados por acordo do Consello de Goberno de 22 de xullo de 2004?

- a. 1.
- b. 3.
- c. 5.
- d. 10.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

65. Segundo o artigo 2 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a. Unha lei do Estado regulará a organización territorial propia de Galicia, de acordo co Estatuto.
- b. Unha lei do Parlamento regulará a organización territorial propia de Galicia, de acordo coa Constitución Española.
- c. Unha lei do Estado regulará a organización territorial propia de Galicia, de acordo coa Constitución Española.
- d. Unha lei do Parlamento regulará a organización territorial propia de Galicia, de acordo co Estatuto.

66. A que tipo de acto xurídico da Unión Europea corresponde a seguinte definición?: Impoñen aos Estados membros da Unión Europea a consecución dun determinado resultado, dándolles liberdade para elixir os medios.

- a. Decisións.
- b. Regulamentos.
- c. Directivas.
- d. Ditames.

67. Cal das seguintes tipoloxías contractuais non está recoñecida no artigo 20 da Lei 14/2011 da ciencia, a tecnoloxía e a innovación?

- a. Contrato predoutoral.
- b. Contrato posdoutoral.
- c. Contrato de investigador/a distinguido/a.
- d. Contrato de actividades científico-técnicas.

68. Cal é o órgano de participación da comunidade científica e tecnolóxica e dos axentes económicos e sociais nos asuntos relacionados coa ciencia, a tecnoloxía e a innovación segundo establece no seu artigo 10 a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación?

- a. O Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.
- b. O Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
- c. A Comisión de Tecnoloxía e Innovación.
- d. O Comité Español de Ética da Investigación.

69. O artigo 8 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, adscribe o Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, a:

- a. O Ministerio de Ciencia e Innovación.
- b. O Ministerio de Universidades.
- c. A Administración Xeral do Estado.
- d. A Secretaría Xeral de Investigación.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

70. Segundo o artigo 55 da Constitución Española que dereito constitucional pode ser suspendido de forma individual para persoas determinadas coa necesaria intervención xudicial e o axeitado control parlamentario?

- a. A produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
- b. O dereito de reunión pacífica e sen armas.
- c. O segredo das comunicacións, e en especial das postais, en relación coas investigacións correspondentes á actuación de bandas armadas ou terrorismo.
- d. A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión.

71. A Constitución Española no seu artigo 57 establece que as dúbidas de feito sobre a sucesión á Coroa resolveranse por:

- a. Unha lei orgánica.
- b. Unha lei ordinaria ou unha lei orgánica.
- c. A Constitución Española non menciona as dúbidas de feito sobre a sucesión á Coroa.
- d. As abdicacións e renuncias e calquera dúbida de dereito que ocorra na orde de sucesión á Coroa resolveranse por unha lei ordinaria.

72. Segundo o art.68 da Constitución Española quen pode ser elixible ao Congreso dos Deputados?

- a. Calquera cidadán español.
- b. Calquera cidadán.
- c. Todos os españois que estean en pleno uso dos seus dereitos políticos.
- d. Todos os españois que estean en pleno uso dos seus dereitos electorais.

73. Marque a resposta correcta en relación coa delegación lexislativa regulada no artigo 82 da Constitución Española:

- a. As Cortes Xerais poden delegar no Goberno a potestade de ditar normas con rango regulamentario sobre materias determinadas.
- b. A delegación lexislativa deberá outorgarse ao Goberno de forma tácita para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio.
- c. As Cortes Xerais poden delegar no Goberno a potestade de ditar normas con rango de lei ou regulamentarias sobre materias determinadas.
- d. As leis de delegación poderán establecer fórmulas adicionais de control.

74. Segundo establece o artigo 98 da Constitución Española o Goberno componse de:

- a. O presidente, dos vicepresidentes, dos ministros, no seu caso, e dos demais membros que estableza a lei.
- b. O presidente, dos vicepresidentes e dos demais membros que estableza a lei.
- c. O presidente, dos vicepresidentes, dos ministros e dos demais membros que estableza o presidente.
- d. O presidente, dos vicepresidentes, no seu caso, dos ministros e dos demais membros que estableza a lei.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

75. Segundo o artigo 99 da Constitución, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a. Despois de cada renovación das Cortes Xerais, o Rei, logo da consulta aos representantes designados polos Grupos políticos con representación parlamentaria, e a través do presidente do Congreso, propondrá a un candidato á Presidencia do Goberno.
- b. Despois de cada renovación do Congreso dos Deputados, o Rei, logo da consulta aos representantes designados polos Grupos políticos, e a través do presidente do Congreso, propondrá a un candidato á Presidencia do Goberno.
- c. Despois de cada renovación das Cortes Xerais, o Rei, logo da consulta aos representantes designados polos Grupos políticos con representación parlamentaria, e a través do presidente do Senado, propondrá a un candidato á Presidencia do Goberno.
- d. Despois de cada renovación do Congreso dos Deputados, o Rei, logo da consulta aos representantes designados polos Grupos políticos con representación parlamentaria, e a través do presidente do Congreso, propondrá a un candidato á Presidencia do Goberno.

76. O artigo 103 da Constitución Española establece que:

- a. A Administración Pública serve con obxectividade os intereses particulares e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
- b. A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais.
- c. A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficiencia, xerarquía, centralización, desconcentración e coordinación.
- d. A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos valores de eficiencia, xerarquía, centralización, desconcentración e coordinación.

77. Segundo o artigo 145 da Constitución as Comunidades Autónomas poderán celebrar convenios entre si para a xestión e prestación de servizos propios das mesmas?

- a. Si, se así se prevé nos seus Estatutos.
- b. Si, pero deberán aprobalos as Cortes Xerais.
- c. Non, en ningún caso.
- d. Non, as Comunidades Autónomas só poden celebrar convenios para a xestión e prestación de servizos da Administración Xeral do Estado.

78. O artigo 147 da Constitución Española establece que os Estatutos de Autonomía serán a norma institucional básica de cada Comunidade Autónoma e non deberán conter:

- a. A denominación da Comunidade que mellor corresponda á súa identidade histórica.
- b. A delimitación do seu territorio.
- c. A denominación, organización e sede das institucións autónomas propias.
- d. As competencias dentro do marco establecido nos Estatutos e as bases para o traspaso dos servizos correspondentes ás mesmas.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

79. Quen dirixe a Administración do Estado no territorio dunha Comunidade Autónoma segundo o establecido no artigo 154 da Constitución?

- a. Un alto comisionado nomeado polo Goberno.
- b. Un subdelegado nomeado polo Goberno.
- c. Un delegado nomeado polo presidente do Goberno.
- d. Un delegado nomeado polo Goberno.

80. Marque a resposta correcta respecto á elección do Presidente da Xunta de Galicia regulado no artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

- a. É elixido por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto e nomeado por El-Rei.
- b. É elixido pola Xunta de Galicia de entre os seus membros e será nomeado por El-Rei.
- c. É elixido polas Cortes Xerais, a proposta da Xunta de Galicia e será nomeado por El-Rei.
- d. É elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros e será nomeado por El-Rei.

81. Segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, son funcións do Parlamento de Galicia:

- a. Exercer as competencias que lle atribúan as leis do Estado e a Constitución Española.
- b. Exercer as competencias que lle atribúan as leis do Estado, a Constitución Española e as Directivas Europeas.
- c. Exercer as competencias que lle atribúan as leis do Estado, a Constitución Española e as leis europeas.
- d. Exercer as competencias que lle atribúan os regulamentos do Estado e a Constitución Española.

82. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 17 establece que a Xunta de Galicia responde politicamente ante:

- a. O Parlamento de forma colexiada.
- b. O Parlamento de forma solidaria.
- c. O Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade indirecta de cada un dos seus compoñentes pola súa xestión.
- d. Os Tribunais de Xustiza de forma colexiada.

83. Segundo o artigo 40 do Estatuto de Autonomía de Galicia, nos termos previstos polo Estatuto e por lei de Galicia:

- a. Poderase recoñecer a comarca como entidade con personalidade xurídica e demarcación.
- b. O recoñecemento dunha comarca suporá, necesariamente a supresión dos municipios que a integran.
- c. Poderase recoñecer personalidade xurídica á parroquia rural.
- d. O recoñecemento dunha parroquia rural non suporá, necesariamente a supresión dos municipios que a integran.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

84. Segundo o artigo 41 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma exercerá as súas funcións administrativas:

- a. Por servizos e entes dependentes da Xunta de Galicia e poderaas delegar nos municipios.
- b. Por órganos e entes dependentes da Administración Xeral do Estado.
- c. Por órganos e entes dependentes da Xunta de Galicia.
- d. Por servizos e entes dependentes da Xunta de Galicia e non as poderá delegar nos municipios.

85. Segundo o artigo 26 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia:

- a. Fixar as demarcacións correspondentes aos Rexistros da Propiedade e Mercantís da Comunidade Autónoma.
- b. Fixar as demarcacións notariais e do número de notarios de acordo co previsto nas leis do Estado.
- c. Participar na fixación das demarcacións notariais e do número de notarios de acordo co previsto nas leis do Estado.
- d. Participar na fixación das demarcacións notariais e do número de notarios de acordo co previsto nas leis da Comunidade Autónoma.

86. Segundo o artigo 22 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a competencia dos órganos xurisdiccionais de Galicia esténdese:

- a. Na orde contenciosa-administrativo, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de Dereito Civil galego.
- b. Na orde civil, a todas as instancias e graos, con excepción dos recursos de casación e de revisión.
- c. Na orde civil, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de Dereito Civil.
- d. Na orde penal e social, a todas as instancias e graos, con excepción dos recursos de casación e de revisión.

87. Sinale a resposta correcta sobre as directivas europeas reguladas no artigo 288 do Tratado de funcionamento da Unión Europea:

- a. Son aplicables directamente e de forma xeral nos Estados membros.
- b. Non se aplican directamente nos Estados membros.
- c. Son aplicables directamente nos Estados membros.
- d. Son aplicables unha vez que se transpoñen ao dereito comunitario.

88. Respecto dos actos legislativos establecidos no artigo 297 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, os regulamentos e as directivas que teñan por destinatarios a todos os Estados membros. Sinale a resposta correcta:

- a. Publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea e entrarán en vigor na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, aos 20 días da súa publicación.
- b. Non é necesaria a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- c. Publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea e entrarán en vigor na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, aos 30 días da súa publicación.
- d. Publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea e entrarán en vigor na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, no caso dos regulamentos, aos quince días da súa publicación e, no caso das directivas, aos 30 días da súa publicación.

89. Segundo o artigo 288 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, cal dos seguintes actos non son vinculantes.

- a. Recomendacións, directivas e regulamentos.
- b. Recomendacións e ditames.
- c. Regulamentos e ditames.
- d. Decisións e directivas.

90. Cantos deputados elixe España no Parlamento Europeo?

- a. 61.
- b. 120.
- c. 12.
- d. 200.

91. Respecto da dimisión colectiva dos membros da Comisión cando se aprobe unha moción de censura ou voto de confianza, segundo establece o artigo 234 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, esta require ser aprobada por:

- a. Unha maioría de dúas terceiras partes dos votos emitidos, que representen, á súa vez, a unha terceira parte dos deputados que integran o Parlamento Europeo.
- b. Unha maioría dunha terceira parte dos votos emitidos, que representen, á súa vez, a maioría dos deputados que integran o Parlamento Europeo.
- c. Unha maioría de dúas terceiras partes dos votos emitidos, que representen, á súa vez, a maioría dos deputados que integran o Parlamento Europeo.
- d. Unha maioría absoluta dos votos emitidos, que representen, á súa vez, dúas terceiras partes dos deputados que integran o Parlamento Europeo.

92. Sinale a resposta correcta respecto ao Defensor do Pobo Europeo regulado o artigo 228 do Tratado de funcionamento da Unión Europea:

- a. É elixido polo Consello Europeo e está facultado para recibir as reclamacións de calquera persoa.
- b. É elixido polo Parlamento Europeo e está facultado para recibir as reclamacións relativas a casos de mala administración na acción das institucións, órganos ou organismos da Unión, incluído o Tribunal de Xustiza da Unión Europea no exercicio das súas funcións xurisdiccionais.
- c. É elixido pola Comisión e está facultado para recibir as reclamacións de calquera cidadán da Unión ou de calquera persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- d. É elixido polo Parlamento Europeo e está facultado para recibir as reclamacións de calquera cidadán da Unión, relativas a casos de mala administración na acción das institucións, órganos ou organismos da Unión, con exclusión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea no exercicio das súas funcións xurisdicionais.

93. Segundo o artigo 228 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, quen pode destituír ao Defensor do Pobo Europeo?

- a. O Tribunal de Xustiza a petición do Parlamento Europeo.
- b. A Comisión a petición do Parlamento Europeo.
- c. O Parlamento Europeo a petición do Tribunal de Xustiza.
- d. O Parlamento Europeo.

94. Segundo establece o artigo 236 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, cal das seguintes decisións do Consello Europeo adoptarase por maioría cualificada?

- a. A que estableza a lista das formacións do Consello, incluída a de Asuntos Xerais e a de Asuntos Exteriores.
- b. A relativa á presidencia das formacións do Consello, incluída a de Asuntos Exteriores.
- c. A relativa á presidencia das formacións do Consello, con excepción da de Asuntos Exteriores.
- d. A que estableza a lista das formacións do Consello, incluída a de Asuntos Xerais e a de Asuntos Interiores.

95. Sinale a resposta correcta respecto das reunións do Consello segundo establece o artigo 237 do Tratado de funcionamento da Unión Europea?

- a. O Consello reunirse por convocatoria do seu Presidente, a iniciativa deste ou do Parlamento Europeo.
- b. O Consello reunirse por convocatoria do Presidente da Comisión, a iniciativa deste ou dun dos seus membros.
- c. O Consello reunirse por convocatoria do seu Presidente, a iniciativa deste, dun dos seus membros ou da Comisión.
- d. O Consello reunirse por convocatoria do seu Presidente, a iniciativa deste, da metade dos seus membros ou da Comisión.

96. Segundo o artigo 244 do Tratado de funcionamento da Unión Europea os membros da Comisión serán elixidos:

- a. Mediante un sistema de rotación establecido por unanimidade polo Consello Europeo.
- b. Por sufraxio universal, libre, igual e secreto.
- c. Mediante un sistema de elección directa establecido por maioría polo Consello Europeo.
- d. Mediante un sistema de rotación establecido por unanimidade polo Parlamento Europeo.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

97. Sinale a resposta correcta sobre o persoal directivo regulado no artigo 34 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a. Os contratos laborais de alta dirección incluírán un pacto de permanencia e non competencia poscontractual polos dous anos seguintes á extinción do contrato.
- b. Os nomeamentos de alta dirección incluírán un pacto de permanencia e non competencia polo tres anos seguintes a deixar de ser funcionario.
- c. Os contratos de alta dirección incluírán un pacto de permanencia e non competencia poscontractual polos cinco anos seguintes á extinción do contrato.
- d. Os contratos laborais de alta dirección incluírán un pacto de permanencia e non competencia poscontractual polo ano seguinte á extinción do contrato.

98. Segundo o artigo 64 da Lei orgánica 2/2023, do 23 de marzo, do sistema universitario, os postos de traballo do persoal docente e investigador funcionario e laboral, estarán adscritos a:

- a. Ámbitos de coñecemento que serán establecidos regulamentariamente polo Goberno, previo informe do Consello de Universidades.
- b. Áreas de coñecemento que serán establecidas regulamentariamente polo Goberno e previo informe do Ministerio con competencias na materia.
- c. Ámbitos de coñecemento ou áreas de coñecemento que serán establecidos regulamentariamente polo Goberno, previo informe do Consello de Universidades.
- d. Ámbitos de coñecemento que serán establecidos polas Universidades previo informe do Consello de Universidades.

99. Segundo o artigo 22 Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, as relacións de postos de traballo reservarán necesariamente ao persoal funcionario: (Sinale a opción incorrecta)

- a. Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen o exercicio de autoridade, fe pública ou asesoramento legal.
- b. Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas orzamentarias e de recadación.
- c. Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control.
- d. Os postos que teñan atribuídas competencias para ditar actos de incoación, instrución ou resolución dos procedementos administrativos.

100. Segundo artigo 149 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a que órgano corresponde velar pola aplicación transversal da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito do emprego público?

- a. Á consellería con competencias en materia de función pública, coa colaboración da consellería competente en materia de igualdade.
- b. Á consellería con competencias en materia de función pública, coa colaboración da consellería competente en materia de política social.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- c. Á consellería con competencias en materia de igualdade, coa colaboración da consellería competente en materia de emprego.
- d. Á consellería con competencias en materia de igualdade, coa colaboración da consellería competente en materia de función pública

101. Segundo o artigo 69.3 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, o procedemento de acreditación dos corpos docentes universitarios regularase:

- a. Pola *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación*, mediante convenio.
- b. Por Real decreto do Consello de Ministros, logo do informe do Consello de Universidades.
- c. Polas bases establecidas na Lei orgánica 2/2023 do sistema universitario e na súa normativa de desenvolvemento.
- d. Polas disposicións que, en virtude das súas competencias, diten as Comunidades Autónomas.

102. Segundo o Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado gozarán dos beneficios da Seguridade Social, podendo optar a cooperativa entre as modalidades seguintes:

- a. Como asimilados a traballadores por conta propia.
- b. Como traballadores no réxime especial correspondente.
- c. Como traballadores autónomos no réxime xeral correspondente.
- d. Como asimilados a traballadores por conta allea.

103. Consonte ao artigo 75.4 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, as bases do réxime xeral de dedicación do persoal docente e investigador funcionario regularanse en:

- a. Os Estatutos das Universidades.
- b. O Estatuto do persoal docente e investigador universitario.
- c. O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- d. Todas son correctas.

104. Segundo o artigo 45.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, son instrumentos de planificación do emprego público: (Sinale a resposta incorrecta)

- a. Os rexistros de persoal e de postos de traballo.
- b. Os plans de ordenación de recursos humanos.
- c. As relacións de postos de traballo.
- d. A oferta de emprego público.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

105. En aplicación do principio de transversalidade da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico seguirán, no ámbito do emprego público, os criterios de actuación establecidos no artigo 20 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e, en particular, a Universidade de Santiago de Compostela deberá: (Sinala a incorrecta)

- a. Establecer medidas efectivas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de sexo entre mulleres e homes.
- b. Fomentar a formación en igualdade de todo o persoal, tanto no acceso ao emprego público, a través do contido dos temarios, como ao longo da promoción profesional.
- c. Garantir a implantación do teletraballo con perspectiva de xénero.
- d. Establecer medidas efectivas de protección fronte ao acoso sexual e por razón de sexo no traballo.

106. O artigo 12 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia establece que se considerará discriminación por razón de sexo calquera trato adverso ou efecto negativo que se produza nunha persoa como consecuencia da:

- a. Presentación pola súa banda de queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso, de calquera tipo, destinados a impedir a súa discriminación e a esixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade de oportunidades.
- b. Presentación por unha terceira persoa de queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso, de calquera tipo, destinados a impedir a súa discriminación e a esixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade de oportunidades.
- c. Presentación pola súa banda de queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso de calquera tipo destinados a impedir a súa discriminación e a esixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.
- d. Presentación por unha terceira persoa de queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso, de calquera tipo, destinados a impedir a súa discriminación e a esixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

107. Segundo o artigo 77 da Lei orgánica 2/2023, do sistema universitario, en relación co persoal docente e investigador laboral: (Sinala a opción incorrecta)

- a. As universidades públicas poderán contratar persoal docente e investigador en réxime laboral a través das modalidades de contratación específicas do ámbito universitario que se regulan nesta Lei orgánica.
- b. Corresponde ás universidades a regulación das materias expresamente remitidas pola Lei orgánica 2/2023 e aquelas outras que poidan corresponderlle no ámbito das súas competencias.
- c. O réxime de dedicación do persoal laboral axustarase, en todo caso, aos principios previstos no artigo 75 da Lei orgánica 2/2023, salvo o disposto no artigo 79 respecto da dedicación das profesoras e profesores asociados.
- d. O persoal docente e investigador laboral terá dereito a formar parte nas convocatorias que as Comunidades Autónomas establezan para fixar retribucións adicionais ligadas aos méritos

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

individuais polo exercicio de actividades docentes, investigadoras, de transferencia do coñecemento, innovación ou xestión.

108. Segundo o artigo 79 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, en relación coa contratación de profesoras e profesores asociados:

- a. No suposto de cesamento da actividade principal, a finalización do contrato producirase unha vez conclúa o curso académico no que se desenvolve a actividade docente.
- b. O contrato será de carácter indefinido e levará unha dedicación a tempo parcial e a súa convocatoria está suxeita á taxa de reposición de efectivos.
- c. O profesorado asociado poderá desenvolver tarefas docentes até un máximo de 60 horas lectivas por curso académico.
- d. A contratación deste profesorado formará parte da Oferta de Emprego Público.

109. Segundo o artigo 6 do Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela, cal é un principio orzamentario?

- a. Os créditos consignados nos estados de gastos destinaranse a satisfacer o conxunto das súas obrigas, agás que, por precepto estatutario ou pola natureza do ingreso, proceda a súa afectación a fins determinados.
- b. Os ingresos da Universidade de Santiago de Compostela destinaranse exclusivamente ao servizo ou finalidades específicas para os que foron autorizados polo importe máximo dispoñible que se reflicta no orzamento, sen prexuízo dos vencelles descritos neste regulamento e das modificacións orzamentarias que puidesen acordarse conforme á normativa orzamentaria en vigor.
- c. A xestión orzamentaria dirixirase ao cumprimento da eficacia na consecución dos obxectivos fixados e da eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- d. O exercicio das competencias en materia de xestión e execución orzamentarias realizarase de acordo cos principios de legalidade e transparencia.

110. Segundo o artigo 52 do Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela, que resposta é a correcta en relación cos anticipos de caixa fixa?

- a. Enténdese por anticipos de caixa fixa as provisións de fondos, de carácter orzamentario e permanente, coas que se poderá dotar ás unidades de gasto para a atención inmediata e posterior aplicación no orzamento anual daqueles gatos que non se tramiten polo procedemento ordinario.
- b. Os supostos para os que estea prevista a utilización do procedemento de anticipos de caixa fixa virán establecidos nas bases de execución do orzamento ou poderán ser determinados polo Consello de Goberno.
- c. Os documentos de gasto e os restantes requisitos exixibles na tramitación das obrigas relacionadas cos anticipos de caixa son idénticos aos que se utilizan para os pagos derivados do procedemento ordinario de gasto.
- d. Con carácter xeral, o procedemento de anticipos de caixa poderá aplicarse naqueles pagos que leven implicacións fiscais.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

111. Segundo o artigo 14.2 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, cada Estado membro ten asignado un número fixo de escanos no Parlamento Europeo entre:

- a. 5 e 101.
- b. 16 e 106.
- c. 6 e 96.
- d. 9 e 98.

112. Segundo o artigo 69.6 da Constitución Española o mandato dos senadores termina:

- a. 4 anos despois da súa elección ou o día de celebración das eleccións.
- b. 4 anos despois da súa elección ou o día da disolución da Cámara.
- c. 4 anos despois do seu nomeamento ou o día da disolución da Cámara.
- d. 4 anos despois do seu nomeamento ou o día da celebración das eleccións.

113. Segundo o artigo 3 da Lei 14/2011 da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, a coordinación xeral das actuacións en materia de investigación científica e técnica desenvolverase por:

- a. A Administración Xeral do Estado, a través dos instrumentos que establece esta lei.
- b. As Administracións Públicas, as entidades vinculadas ou dependentes destas e as entidades privadas, cando sufraguen os gastos ou custos das actividades de investigación científica e técnica ou de innovación.
- c. As Administracións Públicas, as entidades públicas e privadas que realicen ou dean soporte á investigación científica e técnica ou á innovación.
- d. O Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, as entidades vinculadas ou dependentes destas e as entidades privadas, cando sufraguen os gastos ou custos das actividades de investigación científica e técnica ou de innovación.

114. Segundo o artigo 13 do Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, non son deberes específicos en materia de investigación do persoal investigador predoutoral en formación:

- a. Manter unha relación estruturada e regular coas persoas que supervisen o seu traballo e que representen a unidade na que traballan.
- b. Actualizar e ampliar regularmente as súas cualificacións e competencias.
- c. Obter das entidades contratantes as estratexias, prácticas e procedementos que permitan ao persoal investigador predoutoral en formación gozar de recoñecementos, mencións e/ou citas, dentro das súas contribucións reais, como coautores e coautoras de informes, patentes, etc.
- d. Coñecer as esixencias legais europeas e nacionais vixentes en materia de protección e de apertura de datos de investigación e de confidencialidade e adoptar as medidas necesarias para cumprilos en todo momento.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

- 115. Segundo o artigo 6.2 da Lei 14/2011 da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, quen elaborará a Estratexia española de ciencia, tecnoloxía e innovación:**
- a. O Ministerio de Ciencia e Innovación, en colaboración co Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
 - b. Os órganos de planificación económica da Administración Xeral do Estado en colaboración cos Consellos de Política Científica Tecnolóxica e de Innovación.
 - c. O Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación en colaboración cos órganos de planificación económica da Administración Xeral do Estado.
 - d. O Ministerio de Ciencia e Innovación, en colaboración co Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.
- 116. Segundo a Lei orgánica 2/2023 do sistema universitario, cal é a porcentaxe máxima permitida de profesorado con contrato laboral temporal no cadro de persoal docente e investigador dunha universidade pública?**
- a. 5%.
 - b. 8%.
 - c. 10%.
 - d. 2%.
- 117. Segundo a Lei orgánica 2/2023 do sistema universitario, as universidades públicas poderán contratar persoal investigador nas modalidades de: (Sinale a incorrecta)**
- a. Contrato de acceso de persoal investigador/a doutor/a.
 - b. Contrato predoutoral.
 - c. Contrato de investigador/a distinguido/a.
 - d. Contrato de actividade de transferencia e intercambio do coñecemento e innovación.
- 118. Segundo a Lei Orgánica 2/2023 do sistema universitario, cal é o tempo máximo de duración dun contrato de profesor/a axudante doutor/a na mesma ou distinta universidade?**
- a. Catro anos.
 - b. Cinco anos.
 - c. Seis anos.
 - d. Sete anos.
- 119. Segundo a Lei orgánica 2/2023 do sistema universitario, as universidades, para a promoción e desenvolvemento dos seus fins, poderán participar e crear por si soas ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, fundacións do sector público ou outras persoas xurídicas de natureza pública, coa aprobación de:**
- a. O Consello de Universidades.
 - b. A *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación*.
 - c. O Consello Social.
 - d. O Consello de Goberno da Universidade.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

120. Segundo o artigo 94.1 da Lei orgánica 2/2023 do sistema universitario, para garantir a mellora profesional do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, as universidades establecerán:

- a. Formación continua mediante módulos anuais.
- b. Plans plurianuais de formación.
- c. Plans de formación en áreas específicas.
- d. Cursos intensivos en habilidades técnicas.

PREGUNTAS DE RESERVA:

121. Segundo a Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, quen é o responsable de establecer a política xeral da Xunta de Galicia en material de persoal?

- a. O Parlamento.
- b. O Consello da Xunta.
- c. O presidente da Xunta.
- d. A Consellería competente en materia de función pública.

122. Segundo a Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, que porcentaxe mínima de prazas debe reservarse para persoas con discapacidade intelectual na oferta de emprego público en Galicia?

- a. 2%.
- b. 5%.
- c. 7%.
- d. 10%.

123. Que tempo ten que permanecer como mínimo un funcionario de carreira no seu posto de traballo obtido por concurso con carácter definitivo para poder participar nos concursos específicos regulados na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia?

- a. 3 anos.
- b. 2 anos.
- c. 6 meses.
- d. 1 ano.

124. Segundo o artigo 47 da Constitución Española:

- a. Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada.
- b. Todos os nacionais teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada.
- c. Todos os cidadáns teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada.
- d. Todos os residentes en España teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada.

2º Exercicio, 29 de marzo de 2025

Código do exame: 001

125. É función do Comité Español de Ética da Investigación:

- a. Elaborar informes sobre a aplicación dos principios de igualdade entre os axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e da integración da perspectiva de xénero en todos os aspectos da investigación científica e técnica, incluíndo, cando sexa oportuno, a interseccionalidade con outros aspectos relevantes, como o nivel socioeconómico ou a orixe étnica.
- b. Representar a España en foros e organismos supranacionais e internacionais relacionados coa integridade científica, a investigación responsable e a ética da investigación, agás en materia de bioética na que a representación de España corresponderá ao Comité de Bioética de España.
- c. Coñecer o Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación e os correspondentes plans das Comunidades Autónomas de desenvolvemento da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e Innovación e velar polo máis eficiente uso dos recursos e medios dispoñibles.
- d. Todas son correctas.